

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE CULTURA CLÁSICA

3º CURSO E.S.O.

CURSO 2017-2018

C.P.I. DE VEDRA

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

ÍNDICE	Paxina
1.- Introducción e contextualización.....	3
2.- Contribución da materia ó desenvolvemento das competencias clave.....	4
3.- Obxectivos didácticos:.....	7
3.1. Obxectivos xerais da ESO.	
3.2 .Obxectivos xerais da área de cultura clásica	
4.1.- Concreción dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais.....	9
4.2.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe de:.....	16
4.1 Temporalización.	
4.2 Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
4.3 Procedementos e instrumentos de avaliación.	
5.- Concrecións metodolóxicas da materia.....	21
5.1. Principios metodolóxicos xerais.	
5.2. Metodoloxía específica.	
5.3. Estratexias metodolóxicas.	
5.4. Metodoloxía na aula.	
6.- Materiais e recursos didácticos.....	26
7.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	26
8.- Procedementos para realizar a avaliación inicial.....	26
9.- Plans de traballo para a superación de materias pendentes.....	27
9.1. Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.	
9.2. Criterios para superar as materias pendentes polo sistema de avaliación continua.	
10.- Medidas de atención a diversidade.....	28
11.- Programación de educación en valores.....	29
12.- Accións de contribución ao plan lector.....	30
13.- Accións de contribución as TIC.....	30
14.- Accións de contribución ao plan de convivencia.....	31
15.- Actividades complementarias e extraescolares.....	31
16.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	32
17.- Avaliación da programación didáctica.....	32

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A materia cultura clásica supón o primeiro achegamento sistemático, e quizais o único, ao mundo grecorromano, do que poida dispor o alumnado ao longo do seu proceso formativo. Integrada no currículo da educación secundaria obrigatoria, compaxina o coñecemento e comprensión do mundo clásico cunha toma de conciencia da súa presenza no mundo actual.

O estudo do mundo grecolatino nas áreas da cultura, a literatura, as artes e as ciencias, e o recoñecemento da súa transmisión e continuidade, será de grande importancia para tomar e ter conciencia da súa identidade.

Esta materia ten un obxectivo básico: coñecer os aspectos máis relevantes das sociedades e as culturas de Grecia e Roma e descubrir desde o mundo de hoxe o fío que nos guía ata elas. A cultura grecolatina, patrimonio común e irrenunciable, é a base necesaria dunha parte moi considerable do pensamento humano occidental, e as formas creadas polo xenio de gregos e romanos constitúen o soporte e a esencia da nosa civilización.

Mediante a comparación constante entre o seu contorno e a diversidade dos clásicos grecorromanos o alumnado será quen de recoñecer en que medida o seu presente é froito, xa directo, xa interpretado por sucesivas xeracións, dun rico proceso creador que transcorre ao longo de máis de trinta séculos de historia. Pero esta achega, aínda que moi importante, non é exclusivo, polo que deberá valorar tamén aqueles elementos asimilados doutras culturas. Así mesmo, comprobará de que xeito a cultura clásica se converte na enerxía vivificadora de todo renacemento cultural, e en particular de aquel co que se inaugura a época moderna.

O coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes das sociedades grega e romana, desde as que se transmitiron modos de vida, institucións ou creacións literarias, técnicas e artísticas achegará un instrumento de referencia necesario para entender a configuración e o progreso de Europa, os antecedentes históricos da organización social, e a delimitación dos dereitos das persoas.

O estudo básico dos fundamentos das linguas grega e latina, das regras elementais de evolución fonética e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para comezar a entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico.

A cultura que modelou o noso presente e fixa boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico.

O acercamento ás narracións míticas xunto coa lectura, aínda que fragmentaria, de textos da literatura clásica axudará a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen vivos nos nosos escritos e mesmo nas expresións da lingua cotiá.

ALUMNADO.

A materia de cultura clásica vai dirixida aos alumnos de 3º curso da E.S.O. e ten carácter de optativa. O centro, enmarcado nun ámbito rural conta cunha maioría de alumnos galegofalantes. A poboación atópase diseminada en pequenas aldeas cunha economía baseada nas explotacións agrícolas e gandeiras e algunha actividade empresarial coma serrerías, empresas da construción, alimentación, restauración e servizos.

Non atopamos moitas mostras da cultura grecorromana na zona agás algunha construción coma a ponte de Busacos enmarcada no percorrido orixinal da ruta da prata. Onde se mantén patente esta cultura é na lingua, herdada do latín, e da que xa fixemos mención. No ano 1999, e mesmo en anos posteriores, a porcentaxe de alumnos que se expresaban habitualmente en galego chegaba ao 99%, porcentaxe que está a descender na actualidade tal vez a causa do feito de que numerosas familias de ascendencia urbana estean a establecerse no rural.

XUSTIFICACIÓN NO MARCO LEGAL

A programación de Cultura Clásica de 3º curso da ESO, elabórase de acordo coas directrices xerais marcadas pola COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA do C.P.I de Vedra, emanadas do establecido na normativa vixente:

Normativa estatal:

Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (BOE 10/12/2013).

Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE 29/01/2015).

Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015).

Normativa autonómica:

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE del 29).

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bachillerato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

2.- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AÓ DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CRAVE

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A aprendizaxe da Cultura Clásica vai contribuír ao desenvolvemento desta competencia na medida que axuda a coñecer a orixe da matemática moderna, xa que moitos dos principios e teoremas que se empregan actualmente foron desenvolvidos polos matemáticos gregos. Tamén moitas das ciencias tiveron o seu primeiro desenvolvemento na Antigüidade, como a xeografía, a zooloxía, a botánica ou a astronomía. Ademais, o coñecemento de étimos grecolatinos presentes na linguaxe matemática axuda a mellorar a comprensión de conceptos, enunciados e outros contidos científicos e matemáticos.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais en torno á visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

Comunicación lingüística

A aprendizaxe da materia contribúe á adquisición e traballo desta competencia coa lectura e comprensión de fontes escritas, coa elaboración e análise de textos, coas exposicións orais sobre diversos temas, coa utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente. Ademais, o alumno poderá afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

Adestrar os descritores indicados garántenos unha maior comprensión por parte do alumnado, o que nos leva a un coñecemento profundo e a adquirir con gran destreza aquilo que nos propoñemos.

Os descritores que imos priorizar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso.

En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou de materias diversas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos de diversa índole.

Competencia dixital

Esta materia contribúe a esta competencia posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Para iso, neste área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar varias fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

Por medio da Cultura Clásica o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia adquirese ao entender a civilización grega e romana como creadoras dos dereitos e deberes dos individuos e os grupos e dos mecanismos que aseguran a súa participación na vida pública. O estudo desta materia desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e

comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Respectar os distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta materia contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

Aprender a aprender

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

Os descritores que adestraremos son:

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

3.1.- OBXECTIVOS XERAIS DE ESO

- A) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- B) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- C) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- D) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- E) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- F) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- G) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- H) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- I) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- J) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- L) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- M) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- N) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- O) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2.- OBXECTIVOS DA ÁREA DE CULTURA CLÁSICA 3º CURSO DE ESO

1. Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.
2. Coñecer as características máis importantes do marco xeográfico no que se desenvolveron as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.
3. Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.
4. Distinguir e situar nun eixe cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.
5. Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia.
6. Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia.
7. Coñecer as características fundamentais da arte grega e romana e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.
8. Localizar nun mapa e describir os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio español.
9. Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.
10. Coñecer as características e a evolución da organización social grega e romana e a súa presenza na sociedade actual.
11. Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.
12. Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.
13. Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si.
14. Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.
15. Coñecer a orixe común de diferentes linguas.
16. Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.
17. Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.
18. Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.
19. Describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que chegaron ata a actualidade.
20. Coñecer a presenza da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
21. Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.
22. Realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.
23. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.
24. Coñecer e comparar as características da relixiosidade grega e romana coa actualidade.
25. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións de culto privado.
26. Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.

4.1.- CONCRECIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS DE COMPETENCIAS.

3º curso de ESO

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeografía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CD ▪ CAA
Bloque 2. Historia				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. ▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ e ▪ g ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. ▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. ▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL
Bloque 3. Mitoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. O panteón grego e romano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ a ▪ b ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Relixión grega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Coñecer e comparar as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ ñ		características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
▪ b	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Relixión romana: culto público e privado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCEC
Bloque 4. Arte				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Fundamentos da arte clásica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais. ▪ CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCEC
▪ L	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoal a súa resposta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CD
▪ L	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Coñecer as creacións urbanísticas romanas, así como a súa rede viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Herdanza clásica no patrimonio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Coñecer e saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CCEC ▪ CMCCT
Bloque 5. Sociedade e vida cotiá				
▪ a	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Organización política en Grecia e en Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.	un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais. ▪ CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. A familia en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma. ▪ CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL
Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

5.2. Metodoloxía específica.

Na área de Cultura Clásica é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

As secuencias de aprendizaxe están organizadas segundo os seguintes criterios:

-Adecuación. Todo contido de aprendizaxe está intimamente ligado ós coñecementos previos do alumno/a.

-Continuidade. Os contidos vanse asumindo ó longo do curso.

-Progresión. O estudo en forma helicoidal dun contido facilita a progresión. Os contidos, unha vez asimilados, son retomados constantemente ó longo do proceso educativo, para que non sexan esquecidos. Unhas veces cámbiase a súa tipoloxía (por exemplo, se se estudaron como procedementos retómanse como valores); outras veces retómanse como contidos interdisciplinares noutras áreas.

-Interdisciplinariedade. Isto supón que os contidos aprendidos nunha área sirvan para avanzar noutras e que os contidos correspondentes a un eixe vertebrador dunha área sirvan para aprender os contidos doutros eixes vertebradores da propia materia, é dicir, que permitan dar unidade á aprendizaxe entre diversas áreas.

-Priorización. Pártese sempre dun contido que actúa como eixe organizador, e arredor del, vanse integrando outros contidos.

-Integración e equilibrio. Os contidos seleccionados deben cubrir tódalas capacidades que se enuncian nos obxectivos e criterios de avaliación. Asemade búscase a harmonía e o equilibrio no tratamento de conceptos, procedementos e valores. E, moi especialmente, traballaranse os valores ou ensinanzas transversais.

-Interrelación e globalización. Á hora de programar, tivéronse en conta os contidos que son comúns a dúas ou máis áreas e materias, de forma que ó ser abordados se obteña unha visión completa. Asemade, preséntanse os contidos no seu aspecto máis xeral, para poder analiza-los aspectos máis concretos ó longo das unidades didácticas, deica chegar a obter unha visión global.

O estudo da Cultura Clásica nesta etapa enfócase do seguinte xeito. A partir da lectura dun texto clásico pertencente ó mundo mitolóxico, literario ou filosófico, ponse ó alumnado en contacto coas características fundamentais das civilizacións clásicas.

Na presentación e introdución do mundo clásico, intervén tamén a observación de formas de organización social, política e relixiosa, así como o estudo dos principais aspectos históricos, culturais e artísticos das culturas grega e latina. Deste xeito ofrécense comparacións e contrastes de ditos aspectos, para comprende-la súa evolución e como se transformaron nas formas actuais de organización.

Por outra banda, proponse tamén a ampliación do propio vocabulario e a mellora da comprensión e expresión do alumnado, mediante a realización de exercicios variados sobre léxico. Co estudo e observación dos mecanismos de formación de palabras das linguas clásicas, o alumnado logrará aplica-los mesmos recursos ó estudo e manexo da súa lingua materna. Do mesmo xeito, e a través da lectura de textos específicos, poderá comproba-la procedencia clásica da maioría de termos relacionados cos distintos campos do saber humano.

Preténdese, pois, que os alumnos, a través dun estudio diacrónico da Cultura Clásica, cheguen a recoñecer-las súas raíces lingüísticas e culturais; sexan capaces de situarse historicamente no momento no que se producen e no actual, para poder valorar tódolos aspectos estudados a través da súa evolución.

Todo iso debe analizarse tendo en conta a bagaxe cultural e lingüística do alumno e coa pretensión do amosarlle novos patróns expresivos que amplíen as súas posibilidades de comunicación na sociedade. Terán importancia a linguaxe que se empregue e a calidade e adecuación dos textos que se empreguen na clase, tanto os pertencentes á Cultura Clásica, como os textos actuais que se introduzan para establece-las comparacións oportunas.

O mesmo tempo, débese cultivar-lo aprecio polas diferentes culturas e linguas, e o respecto pola realidade plurilingüe e pluricultural de España como produto directo da presenza e conservación das culturas clásicas.

Durante o curso destinado a esta materia, hase de procurar un estudio da Cultura Clásica que permita ó alumno descubri-las propiedades que ofrece a lectura de textos como fontes de información sobre a antigüidade, que sexan a súa vez punto de partida do desenvolvemento da expresividade e a creatividade. Cómpre tamén contribuír á reflexión sistemática sobre a linguaxe, có fin de mellorar e enriquece-la competencia comunicativa.

5.3 Estratexias metodolóxicas:

Os principios metodolóxicos xerais e específicos da área anteriormente expostos guiarán as pautas concretas de actuación por parte do profesor, tanto no relativo á selección, secuenciación, enfoque, temporalización... das actividades de aprendizaxe como no tocante ás modalidades de traballo e organizativas (contextos de aprendizaxe).

Actividades de aprendizaxe

As actividades de aprendizaxe que propoñeremos deberán ter algunha ou varias das seguintes características:

- ◇ Ser globalizadoras e estar secuenciadas en función dos coñecementos previos.
- ◇ Relacionadas co medio.
- ◇ Motivadoras para alumnado e profesorado.
- ◇ Deben atender á diversidade do alumnado.
- ◇ Potenciadoras da autoestima.

As actividades de aprendizaxe que empregaremos na nosa práctica docente, de deseño aberto e variada oferta, serán dos seguintes tipos:

Tipo de actividade	Función	Exemplos
De iniciación ou motivación	Serven para atraer a atención do alumnado sobre o tema a desenvolver e centralo en función dos seus intereses ou do seu marco de referencia.	<ul style="list-style-type: none"> • Debates. • Provocar discrepancias. • Observación dunha imaxe rechamante. • Plantexamento dun problema ou pregunta que induza á proposta de hipóteses.
De enfoque	Proporcionan a base para entrar no tema.	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura de textos (clásicos e contemporáneos) • Debate e contraste dos textos. • Visionado de imaxes, audiovisuais, modelos, representacións (pinturas, esculturas, restos arqueolóxicos) • Participación en charlas, coloquios...

De ampliación	Mantéñen ao alumnado mentalmente activo e promoven a asimilación e a formación de conceptos.	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de exercicios. • Postas en común. • Discusións e debates. • Busca de respostas. • Avaliacións conxuntas. • Explicación do traballo aos demais.
De síntese ou finais	Resumen a secuencia de instrución. Centran os conceptos importantes.	<ul style="list-style-type: none"> • Facer resumos. • Definir conceptos clave. • Establecer relacións entre conceptos clave. • Coloquios e postas en común. • Elaboración de informes, memorias, traballos.. • Presentar conclusións publicamente ou por escrito.

5.4. Metodoloxía na aula.

O traballo de aula organízase en unidades didácticas nas que se propoñerán actividades ós alumnos e alumnas. Estas actividades, detalladas no apartado anterior, contextualízanse de acordo cos obxectivos previstos e cos materiais e recursos didácticos dos que se dispón en cada momento, seguindo en xeral a secuencia lóxica: actividades de iniciación, de enfoque, de ampliación e de síntese.

As clases desenvolveranse, basicamente, de acordo coas seguintes pautas de traballo (individuais e/ou colectivas):

- ◇ O profesorado, para cada nova unidade didáctica (ou apartado temático desta), realizará unha avaliación inicial e/ou outras actividades de iniciación e motivación, para saber o que os alumnos coñecen do tema e detectar ideas previas
- ◇ Posteriormente introducíranse, de forma breve e sintética e coa axuda dun pequeno guión ou mapa conceptual, os principais contidos conceptuais (feitos, conceptos ou principios básicos sobre os que hai que construír), axudando ós alumnos/as a establecer conexións entre os novos conceptos e as ideas previas detectadas.
- ◇ A continuación faranse actividades de enfoque e de ampliación, empregándose distintos materiais didácticos: libro de texto, dicionarios de aula e outros materiais (libros de mitoloxía, internet, canón de vídeo, etc.), e coa axuda do profesorado cando sexa necesario.
- ◇ As actividades de síntese, dependendo da súa natureza, poderán realizarse de xeito individual (no caso de resolución de cuestións, elaboración de traballos escritos, esquemas, resumos, gráficos ou mapas conceptuais, presentación de conclusións ou de experiencias por escrito,...) ou en pequenos grupos e/ou gran grupo (postas en común, recapitulacións e contraste de ideas, presentación de conclusións en público,...), á marxe das posibles recapitulacións que de xeito “maxistral” faga o profesorado.

O traballo en pequenos grupos permitirá unha reflexión máis pausada, a elaboración de informes compartidos e o intercambio e socialización dos saberes. A resolución de problemas en grupo facilita para integrarse nunha sociedade na que a participación constitúe a base da democracia e da resolución de problemas complexos que afectan á humanidade. Por outro lado, a acumulación de experiencia de traballo individual vai dotando ó alumnado de autonomía e sentido crítico persoal, preparándoo así para afrontarse a retos persoais na vida activa e adulta.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Durante o presente curso académico empregaremos diversos materiais coma por exemplo os seguintes:

Libros de texto:

3º ESO: CULTURA CLÁSICA 3º. EDITORIAL ANAYA

- Diapositivas de arte grego e romano sobre todo de arquitectura, escultura e tamén algo de -pintura.
- Emprego de CD-ROM con material diverso como textos, xogos, probas, ...
- Emprego de enciclopedias, monografías, libros especializados.
- Películas e vídeos relacionados con diferentes aspectos do mundo grego e romano.
- Ordenador, acceso a internet.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A nota de cada avaliación calcularase en base ós seguintes porcentaxes:

1. Actitude na clase e nas actividades programadas dentro da aula a nivel individual e en grupo, a participación na clase, a elaboración do caderno de traballo, participación nos debates e nos traballos en grupo, valorarase cun 10% da nota de avaliación.
Valorarase cun 10% da nota da avaliación.

3. As probas escritas con cuestións sobre os contidos, cuestionario, definicións, actividades de reforzo e aplicación das competencias, valoraranse cun 90% da nota de avaliación.

A nota final obterase da media matemática das notas das tres avaliacións.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

1. Ao inicio de cada curso e coa finalidade de adecuar o ensino da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe realizarase unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada un dos bloques que forman a materia e o grado de desenvolvemento das competencias básicas. Estes, cítanse no seguinte apartado. A avaliación incluírá o análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaranse coa información obtida a través da persoa titora.

2. A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

3. Para a realización da avaliación inicial farase unha proba na que se valoraran os coñecementos do alumno nos bloques nos que están baseados os contidos desta materia: 1º bloque: Grecia e Roma. 2º bloque: as pegadas do pasado. 3º bloque: nocións básicas de lingua e literatura latina.

Esta proba non terá valor para a cualificación dos alumnos, sendo o seu papel informativo. Os resultados da mesma, daranse ó titor e serán analizados conxuntamente cos demais profesores do grupo nunha reunión con esta finalidade.

PLANS DE TRABAJO PARA SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

No caso concreto da materia de cultura clásica, os criterios de promoción basearíanse, por un lado, nos mínimos esixibles en cada caso para este curso e, por outra banda, nos criterios de cualificación recollidos xa no apartado dos Criterios de Avaliación.

Por isto, será necesario que os alumnos acaden unha boa parte dos mínimos esixibles e a constatación disto producirase ó longo do curso para ter en conta a evolución da súa aprendizaxe.

A relación de cales son eses mínimos xa está feita no seu apartado correspondente, por iso non volveremos agora sobre ela.

Por outra banda, empregaremos diversos criterios de cualificación, recollidos tamén xa no apartado correspondente ós Criterios de Avaliación, que nos permitirán observa-la consecución dos devanditos mínimos.

Entre eses criterios de cualificación estarán probas, exercicios, traballos de investigación, ... que poñerán tamén a proba a capacidade de traballo e esforzo posta por parte dos alumnos.

Neste sentido, será tamén moi importante a actitude mantida durante todo o curso. Observaremo-la súa conducta dende distintos puntos de vista: puntualidade, respecto cara ó profesor e ós seus compañeiros, constancia, capacidade de superación, interese e colaboración. Estes aspectos teranse moi en conta xa que consideramos prioritario que os alumnos manifesten actitudes positivas que son o punto de partida para logo traballar conceptos e procedementos.

No caso de alumnos que teñan a nosa materia suspensa trala Avaliación Final Ordinaria terán que realizar na Avaliación Extraordinaria de Setembro un exame no que será avaliado de toda a materia do curso independentemente dalgunha posible avaliación aprobada. Esta decisión está motivada porque durante este curso académico faranse as recuperacións das correspondentes avaliacións e darase ós alumnos todo tipo de oportunidades para lograr aprobar a materia.

9.1. Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes.

1. O alumnado que non promocióne de curso seguirá un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior.

2. Estes plans poderán incluír a incorporación do alumnado a un programa de reforzo de áreas ou materias instrumentais básicas, así coma un conxunto de actividades programadas para realizar un seguimento personalizado do mesmo e o horario previsto para elo.

3. Facilitarase a subscripción de Compromisos Educativos coas familias de este alumnado. A finalidade dos compromisos educativos, é crear no medio familiar unhas condicións que favorezan unhas adecuadas expectativas educativas para garantir o éxito escolar.

Estas condicións créanse a partir dunhas determinadas pautas ou patróns de comportamento, coma poden ser o falar diariamente pais e alumnos, utilizar a miúdo expresións de afecto, crear rutinas diarias de tempo de estudo e tempo de lecer, ter un lugar tranquilo para estudar, dar prioridade ao traballo e estudo escolar sobre actividades de ocio, interesarse pola marcha do alumno no centro, controlar o tempo que o alumno dedica ó seu grupo de amigos, e mesmo a estes, a internet, etc

Estes plans han de ser personalizados, e dicir adaptados a cada alumno o alumna en concreto. A súa vez estará limitado polos recursos que o centro poida ofrecer ao alumnado e as súas familias.

Os plans teñen tres vértices: Se o alumnado ten dificultades de aprendizaxe, a inclusión do mesmo na optativa de Reforzo Educativo e en actividades de consolidación das áreas instrumentais básicas. .

- Ofrecer actividades extraescolares que axuden ao alumnado no estudo (clases de apoio ao estudo ou plans de acompañamento).

- O seguimento do alumnado polo profesorado titor e a subscripción de Compromisos educativos coa familia.

9.2. Criterios para superar as materias pendentes polo sistema de avaliación continúa.

No caso de alumnos de 3º da ESO que pasen a 4º con esta materia suspensa terían lugar dous exames durante o curso para avalialos, nas datas que a dirección do centro dispoña para a realización das mesmas.

En relación con isto queremos apuntar que naqueles casos nos que un alumno promocióe levando a nosa materia pendente artellaremos mecanismos de recuperación para que ese alumno supere os mínimos que non acadou no curso anterior mediante probas, traballos, ... que nos garantan que dalgún xeito foron superados.

Este departamento establecerá un guión de traballo cos contidos principais de cada tema así como posibles traballos e actividades diversas que deberán ser entregadas nas datas correspondentes.

Isto completaríaase coa realización de exames nos que dividiremos a materia informando ós alumnos cales son os temas dos que serán avaliados en cada exame.

Os criterios de promoción basearíanse, como xa temos dito, por unha banda, nos mínimos esixibles en cada caso para este curso e, por outra banda, nos criterios de cualificación recollidos xa no apartado dos Criterios de Avaliación cunha modificación: Non se terá en conta a actitude nin a participación activa no desenvolvemento da clase por motivos obvios, e os traballos, tarefas etc, que se lle propoñan ó alumno valoraranse cun 30% da nota, e o coñecemento sobre os contidos, obtido das dúas probas escritas das que xa se fixo mención valerán un 70% da cualificación.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A elaboración das programacións presupón unha serie de adaptacións que debe levar a cabo o profesor xa que nelas se deberá ter en conta a diversidade das capacidades, coñecementos previos, intereses e motivacións dos alumnos, destinatarios desta programación. Segundo as circunstancias poderemos adapta-lo material didáctico utilizado, propoñer distintas actividades de aprendizaxe, acelerar ou desacelera-lo ritmo de introducción de novos contidos e organizalos de forma diferente, darlles prioridade a uns bloques de contidos sobre outros, afondar ou ampliar uns no canto doutros, etc.

É aconsellable subliñar que as adaptacións mencionadas deben comezar realizando adaptacións ligadas ó enfoque metodolóxico que adoptaremos, e só no caso de que aínda así non se logre dar unha resposta adecuada ás características diferenciais dos alumnos, realizaranse modificacións relativas ó ritmo de introducción de novos contidos e á súa organización e secuencia.

Ademais estará a iniciativa á hora de imaxinar distintos achegamentos ós contidos da materia, a atención á diversidade pasará pola existencia no centro da biblioteca que, xunto ó libro de texto, axude ó alumno na recuperación ou reforzo, pero tamén na ampliación dos distintos contidos, ademais dos propios materiais curriculares que a profesora poida elaborar para unha atención individualizada do alumno na aula.

A avaliación do proceso, e non só dos resultados obtidos polos alumnos, deberá ser continua, de xeito que nos aporte información sobre as medidas tomadas e a súa adecuación ás características do alumnado.

No noso caso, a atención á diversidade considérase en dous niveis ou planos:

- **Atención á diversidade na programación**

Os alumnos non teñen un nivel de coñecementos homoxéneo. Nuns casos hai diferencias moi marcadas no nivel lingüístico dos alumnos e alumnas, o que provoca grandes diferencias á hora

de entende-los conceptos. Por iso, a programación debe estar deseñada de modo que asegure un nivel mínimo para tódolos alumnos e alumnas ó final do curso, e permita á vez que os alumnos máis avantaxados poidan amplia-los seus coñecementos. Presentaremos contidos con información básica co obxectivo de desenvolve-las ideas principais e xerais do tema, que todo alumno ou alumna debería coñecer ó finaliza-la etapa.

- **Atención á diversidade na metodoloxía.**

As actividades de cada tema tamén reflicten esta diversidade. Unha serie de actividades serven para fixa-los conceptos básicos e corrixi-los contidos mal aprendidos. Ademais, as diferencias de rendemento escolar non só dependen das desigualdades na capacidade para aprender; tamén inflúen decisivamente os distintos intereses ou graos de motivación de cada alumno. Polo tanto, deberanse propoñer actividades motivadoras.

Tendo en conta estas premisas, pódense aplicar distintas estratexias segundo as circunstancias para acadar un maior reforzo educativo.

- 1) Establecer metodoloxías e niveis de axuda diversos. Propoñer actividades de aprendizaxe variadas, graduadas e funcionais.
- 2) Prever adaptacións no material didáctico.
- 3) Plantexar formas de avaliación axeitadas.
- 4) Acelerar ou decelera-lo ritmo de introducción de contidos.
- 5) Organizar e secuencializar contidos de forma distinta.
- 6) Priorizar núcleos de contidos, profundizar e ampliar.

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.

O currículo oficial recoñece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, atrávesano ou imprégnano. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación que se poderían plasmar na área de cultura clásica do seguinte xeito:

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.

Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

EDUCACIÓN MORAL E CIVICA

Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.

Valoración positiva da existencia de diferenzas entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.

Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.

Análise crítica dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.

Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.

Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferenzas individuais ou sociais.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

Tolerancia e respecto por todo tipo de diferenzas individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.

Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.

Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS

Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións e debates e nas actividades en grupo.

Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre todos os membros do grupo.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación do contorno: causas e posibles solucións. A conservación dos bens comúns, naturais e patrimoniais.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

Valoración crítica do uso indiscriminado dos aparatos de moderna tecnoloxía. Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da publicidade.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.

Nesta área de Cultura Clásica, que se transmite e aprende fundamentalmente a través de textos, a falta de competencia lingüística convértese nun dos principais obstáculos aos que se enfrontan os profesores. Semella, polo tanto, preciso que os materiais incorporen elementos que melloren a comprensión lingüística dos alumnos. páxinas específicas dedicadas

En primeiro lugar, empregaremos no libro de texto as á lectura. En cada bloque comezaremos cunha lectura inicial motivadora.

• En segundo lugar, incorporamos actividades específicas de comprensión lectora. Trátase de axudar os alumnos a comprender o que len ao mesmo tempo que realizan actividades que os axudarán a estudar.As actividades de comprensión lectora divídense en:

- Comprende os conceptos, actividades sobre o vocabulario.
- Busca as ideas principais, actividades de selección das ideas principais.
- Interpreta o texto, actividades sobre as ideas implícitas e as relacións entre as ideas (causa-efecto, comparación, semellanza ...).

En terceiro lugar, recomendaremos a lectura de libros sinxelos e facer un traballo dos mesmos, coa nosa orientación..

En cuarto lugar, empregaremos sesións na lectura en clase de textos literarios de diverso tipo do mundo clásico (lírica, comedia, teatro, ...) que ilustran varios dos temas que debemos traballar.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AS TIC

A revolución tecnolóxica está provocando cambios sociais tan intensos coma rápidos. Educar para a sociedade da información, a sociedade na que se desenvolve a vida dos alumnos, é, por iso, unha responsabilidade ineludible que temos todos aqueles que nos relacionamos coa educación.

Fomentaremos o traballo coas novas tecnoloxías tendo en conta as necesidades e as posibilidades tecnolóxicas do noso centro.

Por unha banda, a aparición de Internet supuxo unha revolución na forma de procurar e tratar a información, cómpre que lles ensinemos aos alumnos a manexar Internet e a aproveitar as posibilidades que ofrece para a nosa materia.

- Incluiremos numerosas **actividades de busca de información en Internet**. Son actividades curtas, que poden realizarse no marco temporal dunha clase, pero que tamén son susceptibles de converterse en actividades na casa.

- **Traballaremos cun CD con recursos multimedia**, que permiten facer **presentacións audiovisuais para cada un dos temas** do libro. Estas presentacións poden proxectarse de dúas maneiras: ben nun encerado dixital, ben simplemente cun ordenador e un canón.

- **Facilitaremos ós alumnos un CD** con información diversa, sendo moi completo no caso de 3º xa que ben co propio libro de texto aportando diversas actividades para cada tema que lles axudan a reforzar os conceptos e poderán usalos na casa e tamén no Centro na aula de Informática..

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Esta programación contribuirá ao desenvolvemento do Plan de Convivencia de acordo coa establecido no mesmo, tendo en conta que este Plan está en revisión e elaboración para adaptalo á normativa recente: Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. No momento da aprobación definitiva, e durante a revisións da programación, introduciranse as modificacións pertinentes.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Será intención deste Departamento realizar actividades complementarias ó longo do curso na medida das posibilidades que ofrezca o calendario escolar, as necesidades doutras materias, a climatoloxía e o orzamento do centro.

Suxerimos distintas saídas que poderían ser interesantes aínda que logo por diversos motivos non poidan realizarse. Neste caso das saídas é moi probable que se fagan en colaboración coa materia de Xeografía e Historia dada a relación evidente que hai entre elas.

Acudir ó teatro a representacións ligadas coa materia.

Visita ó Centro Galego de Arte Contemporáneo.

Visita ó centro histórico de Santiago e ó Auditorio..

Visita ás murallas de Lugo.

Insistimos no carácter provisional destas propostas, que se levarían a cabo coa colaboración doutros departamentos, indispensable e necesaria.

Proxeccións dos filmes “Espartaco” e “300”

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Obxectivos:

Os obxectivos que pretendemos ao avaliar a práctica docente son, entre outros, os seguintes:

1. Axustar a práctica docente as peculiaridades do grupo e a cada alumno.
2. Comparar a planificación curricular co desenvolvemento da mesma..
3. Detectar as dificultades e os problemas na práctica docente
4. Favorecer a reflexión individual e colectiva.
5. Mellorar as redes de comunicación e coordinación interna.
6. A regularidade e calidade da relación cos pais ou titores legais.

Temporalización:

A avaliación debe estar ligada ao proceso educativo, e dicir, que en certa medida debe levarse a cabo de forma continua. Non obstante, pode haber momentos especialmente indicados para a valoración da marcha do proceso:

- 1 Antes, durante e despois de cada unidade didáctica.
- 2 Trimestralmente, aproveitando que dispoñemos dos resultados académicos dos alumnos, é un bo momento para a avaliación dalgúns aspectos relacionados coa intervención na aula.
- 3 Anualmente.

Para el análise da práctica docente distinguimos cinco ámbitos:

- 1) Motivación por parte del profesor cara o aprendizaxe dos alumnos.
- 2) Planificación da programación didáctica
- 3) Estrutura e cohesión no proceso de ensino/aprendizaxe
- 4) Seguimento do proceso de ensino/aprendizaxe
- 5) Avaliación do proceso.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

	3º ESO	1	2	3	4
1	¿Qué fago para coñecer a composición da clase?:				
	-Facer unha avaliación inicial				
	-Ler os informes anteriores				
	-Ver os resultados da avaliación				
2	Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.				
3	Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa:				
	-No grupo grande				
	-No grupo pequeno				
	-De forma individual				
4	Antes de empezar cunha unidade explico aos alumnos e alumnas qué, con qué frecuencia e en base a qué avaliarei.				
5	Plantexo exercicios de diferente nivel en cada unidade e cada exame.				
6	Utilizo diferentes tipos de probas:				

	-Probas prácticas				
	-Exames escritas				
	-Exames orais				
	-Traballos individuais				
	-Traballos en grupo				
7	Unha vez terminada a unidade, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe.				
8	Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos.				
9	Na metodoloxía que aplico:				
	-Utilizo ferramentas TIC.				
	-Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma				
	-Dou moitas explicacións teóricas				
10	Os exercicios que propoño son do seguinte tipo:				
	-Cerrados, dirixidos, etc.				
	-Abertos, procedimentais, diversos, proxectos, etc.				
	-Facilitan o traballo cooperativo				
11	Cómo paso a hora lectiva:				
	-Conseguindo silencio				
	-Impartindo teoría e explicacións				
	-Respondendo a preguntas, fomentando a participación, etc.				
	-Observando				
	-Corrixindo de maneira individual				
12	Os criterios de avaliación refírense a accións didácticas que están presentes na clase.				
13	Utilízanse suficientes tarefas competenciais para reflectir o desenvolvemento das competencias clave.				
14	Están presentes os estándares de aprendizaxe en distintas actividades.				
15	Existen estándares que resultan pouco accesibles.				
16	Existen estándares alonxados dos contidos previstos.				
17	Resulta fácil identificar o nivel de desenvolvemento de cada un dos estándares.				

CPI PLURILINGÜE DE VEDRA.
Departamento de música.
Profesor: Publio Guede García.

